



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-----------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2011/12 |
| Asignatura (*) | Novas Tecnoloxías Aplicadas a Educación | Código | 652811301 | |
| Titulación | DIPLOMADO EN EDUCACIÓN SOCIAL | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| 1º e 2º Ciclo | 1º cuatrimestre | Terceiro | Troncal | 3.5 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Pedagogía e Didáctica | | | |
| Coordinación | Iglesias Amorin, Fernando | Correo electrónico | f.amorin@udc.es | |
| Profesorado | Iglesias Amorin, Fernando | Correo electrónico | f.amorin@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.es/moodle | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia de Novas tecnoloxías aplicadas á educación forma parte do plan de estudos da diplomatura de Educación Social. Impártese no último curso e é unha materia troncal de 4.5 créditos, 3 teóricos e 1.5 prácticos, o que equivale no Sistema Europeo de Transferencia de Créditos a aproximadamente 3.5 créditos que representan o redor de 87 horas de traballo do estudante.</p> <p>Os descritores desta materia son os seguintes: Recursos didácticos e novas tecnoloxías: utilización nas súas distintas aplicacións didácticas, organizativas e administrativas. Utilización dos principais instrumentos informáticos e audiovisuais.</p> <p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da súa práctica no ámbito da educación social, con capacidade para analizar de forma crítica o papel das TIC na sociedade e integralas nos diferentes ámbitos socioeducativos tanto para o seu desenvolvemento profesional así como un elemento favorecedor da inclusión da diversidade que caracteriza a sociedade.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo e análise da sociedade da información e da aplicación dos medios na acción socioeducativa para a integración das TIC nos ámbitos de traballo dos educadores sociais.</p> | | | |

| Competencias da titulación | |
|----------------------------|---|
| Código | Competencias da titulación |
| A7 | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan aos procesos socioeducativos. |
| A8 | Coñecer as características dos contornos de intervención do/a educador/a social, da súa evolución e perspectiva, así como da súa configuración e regulamentación a través de institucións profesionais. |
| A10 | Comprender os fundamentos do deseño e uso dos medios e recursos para a acción socioeducativa. |
| A15 | Deseñar e desenvolver proxectos, programas, servizos e accións nos diversos ámbitos de traballo socioeducativo. |
| A16 | Planificar procesos de avaliación e avaliar a calidade de proxectos, programas, servizos e accións nos ámbitos de traballo socioeducativo. |
| A18 | Coñecer, integrar e articular os recursos sociais, institucionais persoais para levar a cabo o traballo nun determinado ámbito de acción. |
| A19 | Elaborar e xestionar medios e recursos para a acción socioeducativa. |
| A20 | Colaborar e asesorar na elaboración de programas socioeducativos nos medios e redes de comunicación e información. |
| A21 | Coñecer, utilizar e avaliar as TIC con fins formativos. |
| B1 | Coñecer, e saber utilizar as fontes de información. |
| B2 | Analizar, sintetizar e valorar criticamente a información. |
| B4 | Coñecer as contribucións das TIC e ser quen de utilízalas no estudo e nas tarefas profesionais. |
| B9 | Capacidade crítica e autocrítica. |
| B10 | Ser capaz de se relacionar positivamente con outras persoas. |
| B19 | Saber traballar en equipo de xeito colaborativo. |



| | |
|----|---|
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|---|------------------------------------|----------------|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación | | |
| Comprender e analizar de forma crítica o papel das TIC na sociedade, na educación e na educación social en particular, desenvolvendo un compromiso ético co papel liberador das novas tecnoloxías fronte o seu posible papel opresor. | A7 A10 A18 A21 | B1 B2 B4 B9 | C3 C6 C8 |
| Coñecer o papel dos centros sociais e do educador social ante as tecnoloxías da información e a comunicación e as súas implicacións para o desenvolvemento da acción socieducativa. | A7 A8 A10 A18 A19 A20 A21 | B1 B2 B4 B9 | C3 C6 C8 |
| Deseñar, seleccionar, avaliar, crear e construír materiais didácticos coas TIC para o traballo na acción socieducativa tendo en conta principios educativos como a educación democrática e inclusiva e a preocupación pola xustiza social. | A10 A16 A18 A19 A20 A21 | B1 B2 B4 B19 | C3 |
| Colaborar e cooperar en equipos e grupos de comunidades virtuais para o desenvolvemento de proxectos de traballo e propostas socioeducativas na Educación Social mediante o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación. | A7 A10 A15 A19 A20 A21 | B1 B2 B4 B9 B10 B19 | C3 C8 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| MÓDULO I: Sociedade, tecnoloxía e educación: as TIC na sociedade da información. | 1.1. Concepto e características das TIC. 1.2. Mitos asociados as TIC. 1.3. A sociedade da información. 1.4. As TIC na globalización económica, política e cultural. 1.5. As desigualdades sociais e a fenda dixital. 1.6. O papel liberador ou opresor das TIC. 1.7. Os retos da acción socieducativa ante as TIC. |
| MÓDULO II: A tecnoloxía educativa como disciplina pedagóxica. | 2.1. O desenvolvemento da tecnoloxía educativa como disciplina pedagóxica. 2.2. O enfoque da tecnoloxía educativa desde unha perspectiva multidisciplinar e crítica das ciencias sociais. 2.3. A tecnoloxía educativa en España, Europa e no mundo. 2.4. A investigación sobre as TIC no ámbito socieducativo. |



| | |
|--|---|
| MÓDULO III: Os medios na acción socioeducativa: materiais didácticos, recursos educativos e TIC. | <p>3.1. Socialización e aprendizaxe con medios e tecnoloxías en contextos socioeducativos.</p> <p>3.2. Recursos educativos e materiais didácticos: medios impresos, medios audiovisuais e medios dixitais.</p> <p>3.3. O deseño, selección, utilización e avaliación de recursos educativos e materiais didácticos.</p> |
| MÓDULO IV: A integración das TIC no ámbito socioeducativo. | <p>4.1. As TIC nos procesos de deseño, desenvolvemento e avaliación da acción socioeducativa.</p> <p>4.2. O educador social ante a integración das TIC.</p> <p>4.3. A organización e xestión das TIC.</p> <p>4.4. Boas prácticas para integración das TIC.</p> <p>4.5. Modelos e niveis de integración das TIC no ámbito socioeducativo.</p> |
| MÓDULO V: Internet e acción socioeducativa. | <p>5.1. A acción socioeducativa con tecnoloxías dixitais.</p> <p>5.2. A selección, avaliación e utilización dos distintos recursos, aplicacións e servizos de internet na acción socioeducativa.</p> <p>5.3. A web 2.0, análise das súas posibilidades socioeducativas e creación de recursos na rede.</p> <p>5.4. O elearning e os entornos virtuais.</p> <p>5.5. Os entonos de traballo colaborativo.</p> <p>5.6. As redes sociais.</p> |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
|------------------------|-------------------|---|--------------|
| Sesión maxistral | 12 | 18 | 30 |
| Discusión dirixida | 2 | 2 | 4 |
| Traballos tutelados | 18 | 22 | 40 |
| Proba mixta | 1 | 8.5 | 9.5 |
| Atención personalizada | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------|--|
| Sesión maxistral | <p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p> |
| Discusión dirixida | <p>Mediante esta dinámica abordaranse diversas temáticas orientadas a que o alumnado reflexione sobre a importancia das TIC na sociedade, na educación e na educación social en particular, atendendo aos múltiples factores que inciden na súa integración para desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.</p> |



| | |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | <p>En torno aos diferentes temas proporase a realización de pequenos traballos de grupo baseados en prácticas a través de TIC. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos.</p> <p>Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Basearanse no traballo con distintos recursos na rede, con distintos programas de software gratuito e ferramentas de autor e coa pizarra dixital. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.</p> |
| Proba mixta | A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados en torno ás diferentes dinámicas de traballo ao longo da materia. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | <p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo presencial co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
|---------------------|---|---------------|
| Traballos tutelados | <p>En relación cos traballos tutelados valorárase:</p> <ul style="list-style-type: none">- A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.- A profundidade do contido.- O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas educativas.- O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.- A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.- A presentación e a claridade da exposición. | 70 |
| Proba mixta | A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia. | 30 |
| Outros | | |

Observacións avaliación



Segundo a participación do alumnado na materia, a avaliación contempla dúas opcións.

Opción A. Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de clase (>85%):

a)

Elaboración dun cartafol cos traballos de cada grupo no que se recollerán as prácticas que se desenvolvan na aula, así como aquelas actividades relacionadas coa lectura e análise de materiais diversos presentados en clase (70%).

b) Un exame escrito sobre os contidos da materia (30%).

Opción B. Para o alumnado que non asiste/participa nas actividades de clase (< 85%):

a) Presentación dos traballos que corresponden coa parte práctica da materia (30%).

b) Un exame escrito sobre os contidos da materia (70%).

Para

superar a materia é necesario obter unha avaliación favorable en cada unha das partes da materia (50%). As convocatorias de setembro e decembro estarán sometidas aos mesmos criterios que a convocatoria de xuño: aqueles estudantes que queiran presentarse ás mesmas deben ter a día de exame todas as actividades que corresponden ás prácticas da materia e así poder ser avaliados da mesma.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Os materiais de traballo desta materia para a realización das prácticas e a preparación do exame atópanse en Moodle (Campus virtual da UDC <http://campusvirtual.udc.es/moodle>). Revisar os documentos de estudo e traballo en Moodle. Iniciar canto antes a realización das prácticas. Asistir a titorías sempre que se teñan dúbidas. Traballar con todos os documentos, artigos, presentacións e demais recursos de cada bloque. Preparar de forma adecuada as presentacións das prácticas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías